

Resolución de concesión das subvencións convocadas ao abeiro da Orde do 30 de abril pola que se establecen as subvencións ás galerías de arte para a participación en feiras e mercados de arte fóra da Comunidade Autónoma de Galicia e se convocan para o ano 2025 (Procedemento CT215C)

O 12 de maio de 2025 publícase no DOG núm. 89 a Orde do 30 de abril pola que se establecen as subvencións ás galerías de arte para a participación en feiras e mercados de arte fóra da Comunidade Autónoma de Galicia e se convocan para o ano 2025 (Procedemento CT215C)

Esta orde ten por obxecto establecer as bases reguladoras do procedemento de concesión de axudas ás galerías de arte, que desenvolvan a súa actividade no ámbito da Comunidade Autónoma galega, para facilitar a súa participación en feiras e eventos do sector que teñan lugar no ano 2025 fóra da comunidade.

O procedemento de concesión tramítase en réxime de concorrência non competitiva de acordo co establecido no artigo 19.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e coas garantías previstas no artigo 31.4 da dita lei, en con base no disposto no artigo 32 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da citada lei.

Así mesmo, a concesión destas axudas efectúase tendo en conta a data de presentación de cada unha das solicitudes, sempre que se cumpran os requisitos para poder ser beneficiario, e condicionada á existencia de crédito orzamentario de acordo co establecido no artigo 2.4 da Orde do 30 de abril,



A suma total das axudas concedidas ascende a cento catro mil euros (104.000 €), que se librarán con cargo á aplicación 13.03.432B.770.0 (cp 2015 00374) dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o 2025.

Estas axudas están sometidas ao réxime de minimis nos termos establecidos no artigo 3 do Regulamento (UE) nº 2023/2831 da Comisión, do 13 de decembro, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ás axudas de minimis (DOUE do 15.12.2023, serie L) en virtude do cal o importe total das axudas de minimis concedidas por un Estado membro a unha única empresa non excederá os 300.000 euros durante calquera período dos tres anos previos. Este límite máximo aplícase a todo o conxunto de axudas recibidas en concepto de minimis pola empresa, independentemente da forma en que se outorguen ou do obxectivo perseguido. En virtude do anterior, as entidades declararon no momento de presentar a solicitude o conxunto de axudas recibidas pola empresa en concepto de minimis durante os tres anos previos.

En base ao exposto e de acordo co artigo 11 da Orde de 30 de abril de 2025, pola que se establecen as bases reguladoras, e a vista da proposta de resolución do Servizo de Promoción da Cultura,

RESOLVO:

Conceder as axudas, polas contías que se indican, ás galerías que se relacionan no anexo que se xunta, ordenadas por orde de entrada das solicitudes, segundo os requisitos establecidos no artigo 2 da Orde do 30 de abril pola que se establecen as subvencións ás galerías de arte para a participación en feiras e mercados de arte fóra da Comunidade Autónoma de Galicia e se convocan para o ano 2025 (Procedemento CT215C)

As galerías subvencionadas ás que fai referencia esta resolución quedan obrigadas a achegar a documentación xustificativa segundo o procedemento indicado no artigo 15 da orde de



convocatoria e quedaran suxeitas ás obrigas recollidas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia.

Conforme ao art. 11 da orde, a publicación desta resolución na páxina web oficial da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude (<https://www.cultura.gal>) substituirá a notificación persoal e producirá os mesmos efectos.

Contra esta resolución poderá interpoñerse recurso de reposición ante o mesmo órgano que ditou o acto, no prazo dun mes dende a súa notificación, de acordo co disposto no artigo 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ou directamente recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, contado dende o día seguinte ao da súa notificación, de conformidade co establecido na Lei 29/1998, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. No caso de optar polo recurso de reposición, este deberá resolverse antes de poder interpoñer o contencioso-administrativo.

Santiago de Compostela,

O conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude

P.D. Orde de 30 de abril de 2025

O director xeral de Cultura

Anxo M. Lorenzo Suárez

ANEXO

RELACIÓN DE GALERÍAS POR ORDE DE ENTRADA DE SOLICITUDE (acreditado mediante número e hora de entrada no rexistro electrónico):

Solicitante	CIF/NIF	Orde entrada no rexistro	Feiras ou Mercados de Arte	Data	Importe concedido
-------------	---------	-----------------------------------	-------------------------------	------	----------------------



María Luisa Pita Díaz (Galería Luisa Pita)	32****36C	1	Miami Art 2024	03/12/24	8.000,00 €
			Art Madrid 2025	05/03/25	4.000,00 €
Galeria PM8 S.L	B36961779	2	Frieze London 2025 (Gran Bretaña)	15/10/25	8.000,00 €
			Paris+Art Basel (Francia)	24/10/25	8.000,00 €
Maria Alba Lopez Porto (Galería Néboa)	33****54H	3	ArteSantander	11/07/25	4.000,00 €
			Swab Barcelona	02/10/25	4.000,00 €
Cristián Balsa Gavilanes (Art Cuestion)	44****04J	4	Bank Art Fair (Seoul)	07/08/25	8.000,00 €
			Art3F Mónaco	19/09/25	8.000,00 €
(MC Proxectos de Arte S.L (Galería Metro)	B15613086	5	Art Madrid 2025	05/03/25	4.000,00 €
María Jesús Villar Iglesias	33****46J	6	Arco Madrid	05/03/25	4.000,00 €
			Paris Photo 25	13/11/25	8.000,00 €
M. Rodríguez y Cía S.L	B15006299	7	Art Madrid 25	05/03/25	4.000,00 €
Arte Anaga S.L	B27830363	8	Antik Almoneda	22/03/25	4.000,00 €
Galeria Vilaseco Maria Asunción Rodríguez Rodríguez (Galería Trinta)	B70580410	9	ArtsLibris-Arco Madrid	05/03/25	4.000,00 €
	36****14B	10	Pinta Miami	06/12/24	8.000,00 €
			Drawing Room Lisboa	23/10/25	8.000,00 €
Prolar Arte S.L	B36939395	11	Sam Salón Arte Moderno	04/03/25	4.000,00 €
			Feriarte	18/10/25	4.000,00 €

